

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 10 de xullo de 2025

-----oOo-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día dez de xullo do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *Carlos Cuadrado Romy*, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, *Antonio Graña Gómez*.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Belén Cachafeiro Anta e María Sandra Bastos Míguez* e os deputados *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35425.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 4 de xullo de 2025.

2.35426.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2025 (EXPTE.2024072978)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na sesión ordinaria do día 17 de xaneiro de 2025, aprobou as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2025.

Resultando que as bases reguladoras destas subvencións e o Extracto das bases da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 17 de data 27 de xaneiro de 2025. Os concellos interesados nestas subvencións dispuxeron de un prazo para presentación de solicitudes ata o día 27 de febreiro de 2025.



Resultando que unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e feitos os requirimentos de documentación e as valoracións das solicitudes, a xefa do Servizo de Igualdade emite Informe-proposta, que se remite a Intervención, na que especifica que as solicitudes de 48 concellos compren os requisitos establecidos na base terceira das bases da presente convocatoria.

Resultando que con data 2 de xullo de 2025 (CSV: 4DGHGWWYAPM576X8) dende Intervención emiten informe favorable sobre a tramitación do expediente de concesión das 48 solicitudes admitidas á convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2025, e deixa constancia da existencia de crédito autorizado para facer fronte a este gasto (A nº 12025000005545) por importe de 260.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 25/250.2315.462.01.

Resultando que o día 2 de xullo de 2025 reúnese a comisión de valoración para estudar os expedientes dos concellos presentados á convocatoria, admitíndose o total de 48 solicitudes.

Considerando que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na base décimo cuarta da convocatoria destas subvencións, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- A concesión de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2025, a favor dos 48 concellos que a continuación se relacionan, por importe global de 260.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 25/250.2315.462.01, do vixente orzamento provincial, de acordo co seguinte detalle:

CÓD. EXPEDIENTE	NIF/CIF	TERCEIRO EXTENDIDO	OBXETO SUBVENCIÓN	IMPORTE ASIGNADO
2025008391	P3602000F	CONCELLO DE AGOLADA	AVALIACIÓN DO I PLAN DE IGUALDADE E ELABORACIÓN DO II	4.283,40 €
2025008061	P3600100F	CONCELLO DE ARBO	PROGRAMA CAPACITADAS	5.340,00 €
2025009513	P3600300B	CONCELLO DE BAIONA	PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN EN IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA MACHISTA	6.000,00 €



2025008378	P3600200D	CONCELLO DE BARRO	ESPAZOS DE LECER CONCILIA 2025	6.000,00 €
2025009528	P3600400J	CONCELLO DE BUEU	CONCILIA BUEU 2025	6.000,00 €
2025009540	P3600500G	CONCELLO DE CALDAS DE REIS	PROXECTO "CALDAS "CALDAS: +IGUALDADE - VIOLENCIA 2025	6.000,00 €
2025009477	P3600600E	CONCELLO DE CAMBADOS	PROGRAMA DE FOMENTO DA IGUALDADE E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2025	4.836,82 €
2025009495	P3600700C	CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO	PROGRAMA "CONCILIACIÓN+ 2025": LUDOVENTURA	5.922,64 €
2025008644	P3600900I	CONCELLO DA CAÑIZA	VIOLETAS 2025	6.000,00 €
2025009518	P3601000G	CONCELLO DE CATOIRA	CREANDO IGUALDADE	5.527,80 €
2025009481	P3600048G	CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE	CERDEDO-COTOBADE A PROL DA IGUALDADE 2025	5.365,76 €
2025009718	P3601300A	CONCELLO DE COVELO	PROXECTO DE DESENVOLVEMENTO E VISIBILIZACION DE MEDIDAS PROPOSTAS POLO III PLAN MUNICIPAL	4.002,36 €
2025008811	P3601400I	CONCELLO DE CRECENTE	AVANZANDO NA IGUALDADE: DESENVOLVEMENTO E VISIBILIZACIÓN DAS MEDIDAS DO I PLAN DE IGUALDAD	4.923,00 €
2025009180	P3601500F	CONCELLO DE CUNTIS	AVALIACIÓN DO IV PIOM E ELABORACIÓN DO V PIOM DE CUNTIS	4.343,27 €
2025005930	P3601800J	CONCELLO DE FORCAREI	PROXECTO "IGUALANDO". CAMPAMENTO MULTIDEPORTE PARA A MOCIDADE DO CONCELLO DE FORCAREI.	5.231,67 €



2025009534	P3602100D	CONCELLO DE GONDOMAR	CIMENTANDO IGUALDADE, CAMIÑANDO CARA A IGUALDADE	5.340,00 €
2025008960	P3602300J	CONCELLO DA GUARDA	PROXECTO IGUALANDO 2025	5.996,30 €
2025008640	P8600004I	CONCELLO DA ILLA DE AROUSA	ACTUACIÓN PARA FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO	5.922,62 €
2025008779	P3602500E	CONCELLO DA LAMA	PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA	4.680,00 €
2025009541	P3602700A	CONCELLO DE MEAÑO	SEXUALIDADE E MASCULINIDADE	2.180,00 €
2025008387	P3602800I	CONCELLO DE MEIS	MEIS NO CAMIÑO “A CARÓN DA IGUALDADE, POLOS BOS TRATOS E COMPETENTES EMOCIONALMENTE	6.000,00 €
2025008060	P3602900G	CONCELLO DE MOAÑA	EDUCAR EN IGUALDADE 2025: ESCOLA DE FAMILIAS E SENTIR E PENSAR	6.000,00 €
2025009721	P3603000E	CONCELLO DE MONDARIZ	SEMENTANDO IGUALDADE 2025	5.922,64 €
2025009435	P3603100C	CONCELLO MONDARIZ BALNEARIO	DESENVOLVEMENTO E VISIBILIZACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS POLO II PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE	6.000,00 €
2025008398	P3603200A	CONCELLO DE MORAÑA	INTERVENCIÓN SOCIAL. PROXECTO DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO E DAS PROBLEMÁTICAS ASOCIADAS	5.053,31 €



2025009720	P3603300I	CONCELLO DE MOS	TEATRO EN IGUALDADE	6.000,00 €
2025006687	P3603400G	CONCELLO DAS NEVES	DESENVOLVEMENTO E VISIBILIZACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTA NO III PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE	5.725,22 €
2025008796	P3603500D	CONCELLO DE NIGRAN	PROGRAMA DE EDUCACIÓN SEXUAL DE 1º A 6º DE PRIMARIA	4.620,00 €
2025009504	P3603600B	CONCELLO DE OIA	CONCILIA VERÁN 2025. OIA	5.429,09 €
2025009474	P3603700J	CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN	"MULLERES EN REDE"	5.998,95 €
2025005629	P3604100B	CONCELLO DE POIO	MULLERES QUE FAN POIO 2025	6.000,00 €
2025008646	P3604300H	CONCELLO DE PONTE-CALDELAS	PROGRAMA ENREDADAS	5.985,00 €
2025009538	P3604400F	CONCELLO DE PONTECESURES	"FALEMOS DE SEXO", "EXPOSICIÓN MULLERES DO CENTENARIO", "MEMORIA, AUTOCOIDADO E BENESTAR"	5.894,04 €
2025009459	P3604000D	CONCELLO DE PORTAS	AVALIACIÓN II PLAN DE IGUALDADE E ELABORACIÓN III PLAN DE IGUALDE PORTAS	4.167,87 €
2025009482	P3604600A	CONCELLO DE RIBADUMIA	RIBADUMIA, ESPAZO DE IGUALDADE: EDUCACIÓN, PREVENCIÓN E DIVERSIDADE	6.000,00 €
2025008808	P3604700I	CONCELLO DE RODEIRO	EQUAL- CAMBA 2025	6.000,00 €
2025008983	P3604800G	CONCELLO DO ROSAL	PROXECTO ALOUMIÑO O ROSAL - PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS SEXUAIS	6.000,00 €



2025009509	P3604900E	CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS	SALCEDA OBXECTIVO IGUALDADE	4.590,05 €
2025006688	P3605000C	CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO	CAMPAMENTO CONCILIACIÓN VERÁN	4.540,69 €
2025008372	P3605100A	CONCELLO DE SANXENXO	QUERERNOS BEN. UNHA ACCIÓN EDUCATIVA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	6.000,00 €
2025009522	P3605200I	CONCELLO DE SILLEDA	PROXECTO MAIS VIOLETA	6.000,00 €
2025005627	P3605300G	CONCELLO DE SOUTOMAIOR	PROXECTO ENREDADAS 2025	6.000,00 €
2025009184	P3605400E	CONCELLO DE TOMIÑO	CONSTRUÍNDO IGUALDADE: DE ESTRATEXIA Á ACCIÓN	6.000,00 €
2025009431	P3605500B	CONCELLO DE TUI	ELABORACIÓN DO IV PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE TUI	4.984,89 €
2025008813	P3605600J	CONCELLO DE VALGA	ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE EN IGUALDADE E INCLUSIVAS	4.343,27 €
2025009715	P3605800F	CONCELLO DE VILABOA	VILAVERÁN	6.000,00 €
2025008411	P3606100J	CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA	PLAN DE IGUALDADE 2026-2029	5.429,09 €
2025008374	P3605900D	CONCELLO DE VILA DE CRUCES	APRENDER IGUALDADE, CONSTRUIR FUTURO	5.420,25 €

3.35427.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O GROVE, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2025, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “GASTO CORRENTE DERIVADO DA PROGRAMACIÓN CULTURAL, DEPORTIVA E SOCIAL” (EXPTE.2025021321)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 27 de decembro de 2024, mediante acordo núm.3.8316, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2025.



- Mediante Resolución Presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 02/04/2025, con rexistro núm. WEB2025025004, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2025, petición do Concello do Grove na que solicita unha subvención por importe de 116.500,00 euros, con destino ao financiamento de “*Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social*” (Expte.:2025021321), cun orzamento polo mesmo importe.
- O concello solicita o traspaso de 163.602,24 euros da liña 1-investmentos e 43.554,16 euros da liña 3-activación do emprego á liña 2.
- En data 18/06/2025, con rexistro núm. WEB2025046319, a entidade municipal subsana as deficiencias existentes na proposta orientativa remitida inicialmente.
- As actuacións que o concello pretende levar a cabo ao longo do ano 2025 son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Premio de novela curta Manuel Lueiro Rey	3.000,00 €	3.000,00 €
II premio de investigación e cultura marítima Luís Rei	1.500,00 €	1.500,00 €
Documental As mulleres dos fíos	3.500,00 €	3.500,00 €
Eventos culturais 2025	20.000,00 €	20.000,00 €
Nadal no Grove	45.000,00 €	45.000,00 €
Entroido do Grove 2025	10.500,00 €	10.500,00 €
Promoción turística serie Punto Nemo	18.000,00 €	18.000,00 €
II Inter-Rías medio-maratón	6.000,00 €	6.000,00 €
Campamento deportivo de verán	5.500,00 €	5.500,00 €
I Trofeo festa do marisco – Paddle surf	2.000,00 €	2.000,00 €
VIII Carreiras escolares	1.500,00 €	1.500,00 €
TOTAL	116.500,00 €	116.500,00 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación, de data 18/06/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 03/07/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello do Grove*, CIF:P3602200B, a cantidade de 116.500,00 euros, con destino ao financiamento de “*Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social*” (Expte.:2025021321), cun orzamento polo mesmo importe para levar a cabo as seguintes actividades:

	Orzamento	Subvención
Premio de novela curta Manuel Lueiro Rey	3.000,00 €	3.000,00 €
II premio de investigación e cultura marítima Luís Rei	1.500,00 €	1.500,00 €
Documental As mulleres dos fíos	3.500,00 €	3.500,00 €
Eventos culturais 2025	20.000,00 €	20.000,00 €
Nadal no Grove	45.000,00 €	45.000,00 €
Entroido do Grove 2025	10.500,00 €	10.500,00 €
Promoción turística serie Punto Nemo	18.000,00 €	18.000,00 €
II Inter-Rías medio-maratón	6.000,00 €	6.000,00 €
Campamento deportivo de verán	5.500,00 €	5.500,00 €
I Trofeo festa do marisco – Paddle surf	2.000,00 €	2.000,00 €
VIII Carreiras escolares	1.500,00 €	1.500,00 €
TOTAL	116.500,00 €	116.500,00 €

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, aprobadas por acordo núm.3.8316 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 27 de decembro de 2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2025 (disponíbles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2026. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello do Grove*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.



4.35428.- REPARTO DE AXUDAS ÁS COOPERATIVAS AGROGANDEIRAS DA
PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O
EXERCICIO 2025 (EXPTE.2025003022)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 7 de marzo de 2025, número de acordo 3.34882, aprobou as Bases Reguladoras de subvencións dirixidas ás cooperativas agrograndeiras da provincia de Pontevedra, cun orzamento total de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00€), e foron publicadas no BOPPO número 49 do 13 de marzo de 2025.

A base reguladora décimo terceira indica que correspóndelle á xefa do Servizo de Medio Ambiente a instrución do procedemento, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Asemade, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude recibida, e en función de que o gasto das solicitudes seá subvencionable, previa fiscalización do Servizo de Intervención, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente.

Unha vez finalizado o prazo de solicitudes, e de acordo con estas bases, con código seguro de verificación (CSV): 8K4K3DQX77E6GUEC, formuláronse trece (13) solicitudes.

Examinadas a totalidade das solicitudes, compróbase que todas cumpren co establecido nas Bases Reguladoras, e demais normas xurídicas aplicables, salvo a de A MEIXOEIRA S COOP GALEGA, que non está ao corrente de obrigacións tributarias por incumprimento de presentación de declaracións ou autoliquidacións, polo que, de acordo coa normativa legal aplicable e a liña xurisprudencial maioritaria, esta entidade non pode ser beneficiaria destas subvencións, tal como se sinala no reparo de Intervención.

Ademais, algúns expedientes inclúen elementos non subvencionables e orzamentos por encima do límite establecido, polo que, procedese o axuste dos importes para adecualos os requisitos esixidos na convocatoria.

De acordo cos criterios de valoración establecidos na base décimo segunda, procedeuse a valorar todas as solicitudes, tendo en conta os límites sinalados na mesma base. Unha vez feita a valoración e aplicado o algoritmo da plataforma de subvencións facilitado polo Servizo de Novas Tecnoloxías, obtense unha proposta de reparto, entre os doce (12) expedientes que cumpren con todos requisitos, quedando excluída a entidade antes citada, que queda tal e como figura no listado que se achega a este informe, con CSV RCAUA0V05NWK4WJA, resultando o importe total a repartir de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00 €) con cargo á aplicación 25/410.4120.789.00.

Vistos os informes emitidos, en relación o reparto das axudas, pola xefa do Servizo de Medio Ambiente do 24/06/2025, con CSV OZCRGSV183ZNP5F2, de Intervención do 25/06/2025, con CSV 77IJQEMGW6FY0SQ7, a restante documentación que figura no expediente, e considerando o disposto nas bases de execución do vixente orzamento da Deputación.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar o reparto das subvencións a cooperativas agrogandeiras da provincia de Pontevedra, por importe total de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00€) con cargo á aplicación 25/410.4120.789.00 do vixente Orzamento Provincial.

Dita cantidade resulta da relación que se achego:

CIF / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO	PUNTOS		CONCESIÓN
CONCELLO DE CAMBADOS (PONTEVEDRA)						
(1) F36033132 HORSAL S. COOP. GALEGA 2025022563 - Adquisición de unha traspaleta e unha etiquetadora	14.928,00 €	9.703,20 €	9.703,20 €	58,00	65,00 %	Concurrencia competitiva
TOTAL CAMBADOS (1)			9.703,20 €			
CONCELLO DE FORCAREI (PONTEVEDRA)						
(2) F36173599 COOP AGRICOLA DE FORCAREI S.COOP. GALEGA 2025023726 - Adquisición de equipos e sistemas informáticos, maquinaria agrícola e equipamento	33.876,00 €	22.019,40 €	22.019,40 €	65,00	65,00 %	Concurrencia competitiva
TOTAL FORCAREI (1)			22.019,40 €			
CONCELLO DE LALÍN (PONTEVEDRA)						
(3) F36188829 APRODEZA SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA 2025023598 - Adquisición dunha parcela	70.000,00 €	45.500,00 €	33.518,79 €	57,00	47,88 %	Concurrencia competitiva
(4) F36047058 CAMPODEZA S COOP LTDA 2025022574 - Adquisición de diversa maquinaria agrícola	68.790,30 €	44.713,70 €	41.163,42 €	70,00	59,84 %	Concurrencia competitiva
(5) F36257558 COOP GANDEIRA DE BOTOS SDAD COOP GALEGA 2025022607 - Adquisición de maquinaria e material de vixilancia e informático	36.964,13 €	24.026,68 €	24.026,68 €	45,00	65,00 %	Concurrencia competitiva
(6) F36393775 SCDAD COOPERATIVA GANDEIROS DO DEZA 2025022560 - Adquisición de diversa maquinaria agraria	68.007,30 €	44.204,75 €	30.578,54 €	52,00	44,96 %	Concurrencia competitiva
(7) F36165082 VALLE DEL DEZA SDAD COOP AGRARIA LIMITADA 2025023727 - Adquisición dunha carretilla elevadora e unha motoserpa	9.056,20 €	5.886,53 €	5.886,53 €	22,00	65,00 %	Concurrencia competitiva
(8) F36334092 XUNCOGA, S. COOP. LTDA. 2025023747 - Adquisición dunha lña de granulación para a fabricación de pienso	70.000,00 €	45.500,00 €	32.342,69 €	55,00	46,20 %	Concurrencia competitiva
TOTAL LALÍN (6)			167.516,65 €			
CONCELLO DE MEAÑO (PONTEVEDRA)						
(9) F36477354 COOP VITIVINICOLA AROUSANA S COOP GALEGA 2025023519 - Adquisición dunha esfoladora dun vehículo e diverso mobiliario	70.000,00 €	45.500,00 €	45.500,00 €	80,00	65,00 %	Concurrencia competitiva
TOTAL MEAÑO (1)			45.500,00 €			



INVERSIONES PARA COOPERATIVAS AGROGANADERAS

RELAC/2025000023 DE DATA 24/06/2025

MN_A/25

CIF / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO	PUNTOS	CONCESIÓN
CONCELLO DE PONTEVEDRA (PONTEVEDRA)					
(10) F36211019 COBIDEZA SDAD COOP 2025023590 - Realización de obras menores en nave e adquisición de diversa ferralla	55.027,27 €	35.767,73 €	28.226,35 €	48,00	51,30 % Concurrencia competitiva
TOTAL PONTEVEDRA (1)			28.226,35 €		
CONCELLO DE RODEIRO (PONTEVEDRA)					
(11) F36100782 COOP O RODO 2025023504 - Adquisición de diversa maquinaria para montar taller mecánico y un automovil	70.000,00 €	45.500,00 €	44.103,66 €	75,00	63,01 % Concurrencia competitiva
TOTAL RODEIRO (1)			44.103,66 €		
CONCELLO DE ROSAL, O (PONTEVEDRA)					
(12) F36014835 C.C.A. PORTA RIO MIÑO SCG 2025022577 - Adquisición camión	70.000,00 €	45.500,00 €	32.930,74 €	56,00	47,04 % Concurrencia competitiva
TOTAL ROSAL, O (1)			32.930,74 €		

Pontevedra, 24 de xuño de 2025

O/A Xefe/a do Servizo

24/06/2025 10:04:09

Páxina 2 de 2

5.35429.-

APROBAR POLO PROCEDIMENTO DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A XUSTIFICACIÓN PRESENTADA POLA ASOC. PREMIOS DA CRÍTICA DE GALICIA PARA A SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA OS GASTOS DE ORGANIZACIÓN DA “GALA DOS PREMIOS DA CRÍTICA DE GALICIA” (EXPTE. 2024076493)

Por RP núm. 2024009144 de 29/11/2024 aprobouse a concesión dunha subvención nominativa a favor da Asoc. Premios da Critica de Galicia, con CIF G27847839, por un importe de dous mil euros (2.000,00 €), para os gastos de organización da “Gala dos Premios da Critica de Galicia 2024”, con cargo á aplicación orzamentaria 25/334.3340.489.05.2024.

Con data 29 de maio de 2025 e número de rexistro WEB2025040189, a Asoc. Premios da Critica de Galicia presenta a correspondente conta xustificativa e con data 05/06/2025 a xefatura do Servizo de Cultura emite un informe preceptivo no que solicita a dilixencia de fiscalizado e conforme á área de Intervención.

Con data 05/06/2025 a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Cultura establecendo que o órgano competente para aprobar esta xustificación é a Xunta de Goberno xa que a aprobación da xustificación (obriga) require seguir o procedemento de recoñecemento extrajudicial do crédito.

FUNDAMENTOS XURIDICOS
Réxime Xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

O Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Asoc. Premios da Crítica de Galicia para subvencionar os gastos de organización da “*Gala dos Premios da Crítica de Galicia 2024*” aprobado por RP núm. 2024009144 de 29/11/2025 recolle que por parte da Deputación, o servizo de Cultura será o responsable do proxecto.

Petición e evacuación de informes:

Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.

Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Procedemento de xustificación:

Cláusula sexta do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Asoc. Premios da Crítica de Galicia para subvencionar os gastos de organización da “*Gala dos Premios da Crítica de Galicia 2024*”, aprobado por RP núm. 2024009144 de 29/11/2024.

REXIME COMPETENTENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), no artigo 63 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO), nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, o órgano competente para aprobar esta xustificación é a Xunta de Goberno porque a aprobación da xustificación (obriga) require seguir o procedemento de recoñecemento extraxudicial do crédito.



CONCLUSIÓNS

O artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións contempla o procedemento para a xustificación das subvencións públicas.

Así mesmo, o artigo 24 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 recolle no mesmo sentido, as normas para a xustificación das subvencións na Deputación de Pontevedra.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), e vistos o informe do xefe do servizo de Cultura, de data 05/06/2025 (CSV: 3409GLGG6M65U2DA) e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, de data 05/06/2025 (CSV: MXEAT2ZWI4UYG365), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito a xustificación presentada pola Asoc. Premios da Crítica de Galicia, por un importe de DOUS MIL EUROS (2.000,00 €), da subvención outorgada para os gastos de organización da “*Gala dos Premios da Crítica de Galicia 2024*” (Expte. 2024076493).
- Darlle traslado do presente acordo á *Asoc. Premios da Crítica de Galicia*, a Intervención e ao servizo de Cultura.

6.35430.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-1202 SEIXO-SAN TOMÉ DE PIÑEIRO, DENDE O P.Q. 0+800 AO P.Q. 3+050 (CONCELLO DE MARÍN)”(EXPTE.2024059095)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 1202 Seixo-Santo Tomé de Piñeiro que percorre o termo municipal de Marín pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 5.155 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada no tramo comprendido dende o P.Q. 0+800 ó P.Q. 3+050 resulta necesario proceder a reposición das características superficiais do firme e a restitución da capacidade portante do mesmo mediante a reposición das características superficiais dos firmes, mellora da drenaxe lonxitudinal, e operacións complementarias da reposición da sinalización vertical e horizontal afectada, dando así restitución de un correcto servizo para todo o vial.



Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse por Dona María Belén Pampín Camino, enxeñeira adscrito ó Servizo de Infraestruturas, o proxecto de “*Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+800 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)*” cun orzamento base de licitación de 608.455,43 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: EVTTQJW0G0T7OIJ4.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+800 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)*”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 12025000005256 por importe de 608.455,43 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01.2024 certificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 21/02/2025 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+800 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)*” redactado pola enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona María Belén Pampín Camino, cun orzamento base de licitación de 608.455,43 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: EVTTQJW0G0T7OIJ4.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 28 de marzo de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+800 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)*”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 3 de abril de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 24/04/2025 procedeu á apertura electrónica sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+800 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)*”.



As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.-ASFALTOS GALAICOS, S.L..

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que o Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Aja Chao, con data 20 de maio de 2025, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABALLO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTAIS	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	18,00	2,00	20,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	18,00	2,00	20,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	18,00	2,00	20,00
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	20,00	3,00	23,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	12,00	2,00	14,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	14,00	2,00	16,00
NAROM, S.L.	16,00	2,00	18,00
UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ASFALTOS GALAICOS, S.L.	16,00	2,00	18,00



Resultando.- Que a Mesa de Contratación en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, de data 20 de maio de 2025, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+80 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)*”.

Resultando.- Que na mesma reunión procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, deste procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMIC A	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	443.770,18 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	445.630,75 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	458.855,85 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	453.073,01 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	473.941,52 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	451.966,73 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	448.195,31 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ASFALTOS GALAICOS, S.L.	426.170,23 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que a continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.-ASFALTOS GALAICOS, S.L.. de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.



Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Resultando.- Que finalizado o prazo non consta que a UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.-ASFALTOS GALAICOS, S.L., presentara xustificación algunha da súa oferta, polo que non debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra...”

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 12/06/2025, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACION SOBRE “B”
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	36,74	5,00	5,00	5,00	51,74
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	35,56	5,00	5,00	5,00	50,56
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	27,25	5,00	5,00	5,00	42,25
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	30,84	5,00	5,00	5,00	45,84
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	17,91	5,00	5,00	5,00	32,91
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	31,54	5,00	5,00	5,00	46,54
NAROM, S.L.	33,93	5,00	5,00	5,00	48,93



Resultando.- Que a na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+800 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)*” que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	20,00	51,74	71,74
2	CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	20,00	50,56	70,56
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	23,00	45,84	68,84
4	NAROM, S.L.	18,00	48,93	66,93
5	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	16,00	46,54	62,54
6	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	20,00	42,25	62,25
7	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	14,00	32,91	46,91

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+800 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)*” á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L., (CIF B-36147429), por un importe de 536.961,92 € IVE incluído.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comprobou que a empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 2804) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social , a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 22.188,51 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 26/06/2025 con número de operación 12025000123641.



Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta o Ilmo. Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda, por unanimidade:

1. Excluír deste procedemento a oferta presentada pola UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.-ASFALTOS GALAICOS, S.L., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L., (CIF B-36147429) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+800 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)*”, por un importe de 536.961,92 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	443.770,18 €
IVE (21%)	93.191,74 €
Importe Total.....	536.961,92 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de TRES (3) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01.2024 do vixente orzamento provincial.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024059095.

3. Nomear directora de obra á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Belén Pampín Camino.

7.35431.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE TRAMITADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SOPORTE E MANTEMENTO, ASÍ COMO DE ASISTENCIA E APOIO Á EXPLOTACIÓN DO SISTEMA INTEGRAL DE XESTIÓN TRIBUTARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (EXPTE. 2025001716)

A Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 23 de maio de 2025, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do “*Servizo de soporte e mantemento así como de asistencia e apoio á explotación do sistema integral de xestión tributaria da Deputación de Pontevedra*” expte. 2025001716.

Na mesma data dáse traslado do acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa Gestión tributaria Territorial S.A. (A-81957367) invitándoa a presentar proposición, no caso de estar interesads, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a presentar oferta a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), finalizando en data 9/06/2025.

A citada empresa presentou oferta, e con data 9/06/2025 procedeuse á apertura da oferta presentada, e unha vez examinada a documentación resulta admitida no procedemento.

A oferta valorouse de conformidade cos criterios de adxudicación, quedando clasificada na seguinte posición:

EMPRESA	POSICIÓN
Gestión Tributaria Territorial S.A.(A-81957367)	1ª



A continuación, e conforme ao establecido na cláusula 13 da parte xeral do prego administrativo iniciouse unha segunda ronda de negociación convidándoa a presentar unha oferta nova ou revisada que mellore a primeira nos aspectos económicos e técnicos obxecto de negociación, que será considerada a oferta definitiva. A proposición presentada terá carácter firme e deberá manterse, en todo caso, ata o prazo máximo de resolución do procedemento.

Os aspectos económicos e técnicos obxecto de negociación son os seguintes:

- Prezo ofertado.

A empresa Gestión Tributaria Territorial S.A.(A-81957367) ratificou con data 12.06.2025 a oferta presentada inicialmente conforme aos criterios de valoración establecidos nos pregos reguladores do procedemento, obtendo o seguinte resultado:0,00 puntos.

Revisada a oferta presentada por Gestión Tributaria Territorial S.A.(A-81957367) compróbase que cumpre co establecido nos pregos reguladores do procedemento.

Visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, que a empresa atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectidos e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, clasificación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.

Mediante Resolución Presidencial número 2025005020 de data 16/06/2025, requírese a empresa á empresa Gestión Tributaria Territorial S.A.(A-81957367), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (REX_WEB2025048408 > Doc. Requisito>27/06/2025) cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 31.573,35 euros (carta de pago núm. 12025000124800, de data 30/06/2025).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato do “*Servizo de soporte e mantemento así como de asistencia e apoio á explotación do sistema integral de xestión tributaria da Deputación de Pontevedra*”, á empresa Gestión Tributaria Territorial S.A.(A-81957367), de acordo co seguinte detalle:

	Importe Anual	Importe Dous anos
1.Servizo de mantemento e o soporte do SIT-GTT.	213.997,20€	427.994,40 €
2. Servizo de asistencia e apoio á explotación.	101.736,36€	203.472,72 €
Importe total sen IVE	315.733,56€	631.467,12€
21% de IVE	66.304,05€	132.608,10€
Total co IVE	382.037,61€	764.075,22€

O prazo de duración: Dous anos a contar desde a data de formalización do contrato.

O prazo de execución: En función da tipoloxía dos traballos a executar en base ao estipulado no prego de prescricións técnicas.

Establécese a posibilidade de dous prórrogas de un ano de duración cada unha.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse de acordo coa seguinte distribución:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)	Importe total (co IVE)
2025 (7 meses)	25/932.9320.227.23	Mantemento e soporte	151.046,36€
		Asistencia e apoio á explotación	71.808,91€
2026 (12 meses)	26/932.9320.227.23	Mantemento e soporte	258.936,61€
		Asistencia e apoio á explotación	123.101,00€
2027 (5 meses)	27/932.9320.227.23	Mantemento e soporte	107.890,25€
		Asistencia e apoio á explotación	51.292,08€



Os importes correspondentes ás anualidades 2026 e 2027, quedarán condicionadas á aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

Forma de pagamento:

O prezo aboarse dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2025001716	
Órgano xestor:	LA0006136	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: O xefe do servizo de Novas Tecnoloxías ou persoa en quen delegue.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo á empresa.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

8.35432.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN NO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO TREITO ANTIGO DA EP-5201 ARBO-CABEIRAS-BARCELA, NA CONTORNA DA IGREXA DE SAN SEBASTIÁN DE CABEIRAS (CONCELLO DE ARBO)” (EXPTE.2024053636)

Resultando.- Que A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 21/05/2025 acordou adxudicar á empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A, (CIF A36008886) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcelona, na contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras (Concello de Arbo)”, por un importe de 379.534,35 €, IVE, e un prazo de execución de CATRO (4) MESES.



Resultando.- Que Con data 26/03/2025 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo, establecéndose do nese intre coma data para finalizar a obra o día 26/07/2025.

Resultando.- Que con data 19/06/2025 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX-WEB2025046713), escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de DOUS (2) MES, debido por unha banda que ata o momento, as afeccións a servizos xestionados por UFD (Unión Fenosa Distribución) están aínda por esclarecer, impedindo o remate en prazo das obras e por outro, os servizos xestionados por Telefonica, teñen que dar servizo por unha zona que se encontra dentro da Fase 1 da obra, aínda sen facer por parte do Concello.

Resultando.- Que de acordo co art. 195.2 da LCSP, consta no expediente con CSV: 2HU8YF02YDCDZOJC informe da responsable do contrato, que recolle o seguinte: “...a Dirección de Obra considera que está suficientemente motivada a concesión dunha prórroga de 2 meses por causas non imputables ao contratista. - Non existen afeccións ao proxecto, nin a outras condicións de execución, nin ao prezo que impliquen a necesidade de modificación contractual máis alá do prazo sinalado...”.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) VUDMMR8DIXJMBV4J no que se recolle que en atención ao exposto e, destacadamente, do informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución en DOUS (2) MESES, establecéndose coma data para finalizar a obra o día 26/09/2025.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade

- Conceder á empresa *Construccións Obras E Vías, S.A.*, unha ampliación de DOUS (2) MESES no prazo de execución do contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil no treito antigo da EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcela, na contorna da Igrexa de San Sebastián de Cabeiras (Concello de Arbo)*” establecendo coma data para finalizar a obra o día 26/09/2025, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.



9.35433.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN
AO CONCELLO DE MEAÑO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA
A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE
PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3) (EXPTE.2025006277)

ANTECEDENTES

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27/12/2024, punto núm.3.8316 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025”. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 2/01/2025.

Á vista da documentación obrante no expediente de subvención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 28 de febreiro de 2025, punto núm. 14.34857, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2025/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.

No caso do Concello de Meaño, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE MEAÑO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
13	2 albanéis en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 1 operario/a condutor/a e 1 traballador/a forestal en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 4 peóns de obras públicas, 1 limpador/a e 1 administrativo/a en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 técnico/a de educación infantil en xornada de 35 h./sem. durante 5 meses; 1 coidador/a de comedor escolar en xornada de 35 h./sem. durante 4 meses e 1 coidador/a da terceira idade en xornada de 35 h./sem. durante 3 meses	142.155,20 €	138.793,20 €	32.251,75 €	109.903,45 €

O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2025045851, do 16/06/2025, solicita reformular a solicitude inicial en relación ao posto de administrativo/a como consecuencia da renuncia voluntaria da persoa contratada. A traballadora estivo contratada por un período de 1 mes e 4 días polo que o concello solicita un novo posto de administrativo polo tempo restante ata alcanzar os 6 meses previstos inicialmente (4 meses e 26 días).



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reformular a solicitude inicial como consecuencia de modificar a duración do posto de administrativo/a previsto inicialmente e solicitar a contratación doutro administrativo polo tempo restante ata alcanzar os 6 meses (4 meses e 26 días), o interesado solicita a modificación do acordo de concesión permanecendo invariable o importe do orzamento e da subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE MEAÑO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
14	2 albais en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 1 operario/a condutor/a e 1 traballador/a forestal en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 4 peóns de obras públicas e 1 limpador/a en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 técnico/a de educación infantil en xornada de 35 h./sem. durante 5 meses; 1 administrativo/a en xornada de 35 h./sem. durante 4 meses e 26 días; 1 coidador/a de comedor escolar en xornada de 35 h./sem. durante 4 meses; 1 coidador/a da terceira idade en xornada de 35 h./sem. durante 3 meses e 1 administrativo/a en xornada de 35 h./sem. durante 1 mes e 4 días	142.155,20 €	138.793,20 €	32.251,75 €	109.903,45 €



A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, **INFORMO FAVORABLEMENTE** a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 28 de febreiro de 2025, punto núm. 14.34857, no referente á subvención concedida ó Concello de Meaño, CIF núm. P3602700A, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Meaño (P3602700A)	14	2 albaneis en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 1 operario/a condutor/a e 1 traballador/a forestal en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 4 peóns de obras públicas e 1 limpador/a en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 técnico/a de educación infantil en xornada de 35 h./sem. durante 5 meses; 1 administrativo/a en xornada de 35 h./sem. durante 4 meses e 26 días; 1 coidador/a de comedor escolar en xornada de 35 h./sem. durante 4 meses; 1 coidador/a da terceira idade en xornada de 35 h./sem. durante 3 meses e 1 administrativo/a en xornada de 35 h./sem. durante 1 mes e 4 días	109.903,45 €

Á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: 14K8KSYOHREOSQ8) e da dilixencia de Intervención (CSV: 4CBSBFPTF9RQ1CXF) a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 28 de febreiro de 2025, punto núm. 14.34857, no referente á subvención concedida ó Concello de Meaño, CIF núm. P3602700A, que queda como segue:



ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Meaño (P3602700A)	14	2 albanéis en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 1 operario/a condutor/a e 1 traballador/a forestal en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 4 peóns de obras públicas e 1 limpador/a en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 técnico/a de educación infantil en xornada de 35 h./sem. durante 5 meses; 1 administrativo/a en xornada de 35 h./sem. durante 4 meses e 26 días; 1 coidador/a de comedor escolar en xornada de 35 h./sem. durante 4 meses; 1 coidador/a da terceira idade en xornada de 35 h./sem. durante 3 meses e 1 administrativo/a en xornada de 35 h./sem. durante 1 mes e 4 días	109.903,45 €

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

10.35434.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O PORRIÑO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3) (EXPTE.2025013953)

ANTECEDENTES

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27/12/2024, punto núm.3.8316 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025”. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 2/01/2025.

Á vista da documentación obrante no expediente de subvención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 21 de marzo de 2025, punto núm. 10.34939, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2025/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.



No caso do Concello de O Porriño, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DO PORRIÑO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
18	1 oficial de 1ª carpintería, 1 oficial de 1ª soldador/a, 1 oficial de 1ª palista, 6 peóns forestais, 1 auxiliar enfermeiro/a e 4 conserxes a xornada completa durante 8 meses; 2 técnicos/as licenciados/as en dereito, ADE ou económicas, 1 publicista redactor/a e 1 arquivado/a a xornada completa durante 6 meses	282.254,35 €	275.452,35 €	70.870,42 €	211.383,93 €

O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2025044240, do 09/06/2025, solicita reformular a solicitude inicial como consecuencia de minorar a duración os contratos inicialmente previstos para 8 meses ata os 7,29 meses a excepción dun posto de peón forestal que pasa a ter unha duración de 6 meses. Ademais, solicita o cambio dun conserxe polo dun auxiliar administrativo/a por adaptarse mellor as necesidades do concello.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025.



CONCLUSIÓN:

En base á necesidade de reformular a solicitude inicial como consecuencia de minorar a duración de varios contratos e substituír un posto de conserxe por un auxiliar administrativo/a, o interesado solicita a modificación do acordo de concesión minorando o importe do orzamento e a achega municipal permanecendo invariable o importe da subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DO PORRIÑO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
18	1 oficial de 1ª carpintería, 1 oficial de 1ª soldador/a, 1 oficial de 1ª palista, 5 peóns forestais, 1 auxiliar enfermeiro/a e 3 conserxes a xornada completa durante 7 meses e 9 días; 2 técnicos/as licenciados/as en dereito, ADE ou económicas, 1 publicista redactor/a, 1 arquivista/a, 1 peón forestal e 1 auxiliar administrativo/a a xornada completa durante 6 meses	256.718,68 €	250.500,85 €	45.334,75 €	211.383,93 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, **INFORMO FAVORABLEMENTE** a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 21 de marzo de 2025, punto núm. 10.34939, no referente á subvención concedida ó Concello do Porriño, CIF núm. P3603900F, da maneira que segue:



ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Porriño, O (P3603900F)	18	1 oficial de 1ª carpintería, 1 oficial de 1ª soldador/a, 1 oficial de 1ª palista, 5 peóns forestais, 1 auxiliar enfermeiro/a e 3 conserxes a xornada completa durante 7 meses e 9 días; 2 técnicos/as licenciados/as en dereito, ADE ou económicas, 1 publicista redactor/a, 1 arquivista/a, 1 peón forestal e 1 auxiliar administrativo/a a xornada completa durante 6 meses	211.383,93 €

Á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: Q13S7GUNV4UQP1T1) e da dilixencia de Intervención (CSV: K1DPSVWXKGZFVM63) a Xunta de acorda por unanimidade

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 21 de marzo de 2025, punto núm. 10.34939, no referente á subvención concedida ó Concello do Porriño, CIF núm. P3603900F, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Porriño, O (P3603900F)	18	1 oficial de 1ª carpintería, 1 oficial de 1ª soldador/a, 1 oficial de 1ª palista, 5 peóns forestais, 1 auxiliar enfermeiro/a e 3 conserxes a xornada completa durante 7 meses e 9 días; 2 técnicos/as licenciados/as en dereito, ADE ou económicas, 1 publicista redactor/a, 1 arquivista/a, 1 peón forestal e 1 auxiliar administrativo/a a xornada completa durante 6 meses	211.383,93 €

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



11.35435.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024) DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGA BALADELO-CASTRELO, DO CONCELLO DE FORCAREI (EXPTE. 2024014492)

No expediente consta o informe do Xefe do servizo de data 18/06/2025 con CSV: C7J14MOKBEN5T4BY, e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe do Xefe do servizo de Cooperación antedito e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 02/07/2025 con CSV: CABWCJC6QEAKOQGP, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Dar conta e aceptar a renuncia da *Comunidade de usuarios de auga Baladelo-Castrelo*, do concello de Forcarei, con CIF G94043999, á subvención concedida de 1.587,27 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024).

A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 1.587,27 euros previamente comprometido na aplicación 2025/942.4590.789.07.24.

12.35436.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CINFO. CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS, S.L. (B-15.757.941), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO “SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O APOIO AO ENTE XESTOR DO <PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO CONDADO – PARADANTA. UNHA TERRA ENTRE RÍOS> E DO <PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO DEZA E TABEIRO-S TERRA DE MONTES. OS CAMIÑOS POR DENTRO>, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU” (EXPTE.2022044467) (DEVOGARAN 2025046356)

Por acordo número 42.32249 adoptado pola da Xunta de Goberno, celebrada en sesión ordinaria, de data 10 de febreiro de 2023 (CSV.- ERIE7LO12VQ4CK39), adxudicouse, mediante procedemento aberto o “*Servizo de asistencia técnica para o apoio ao ente xestor do plan de sustentabilidade turística en destino Condado-Paradanta <Unha terra entre ríos> e do plan de sustentabilidade turística en destino Deza e Tabeirós-Terra de montes <Os camiños por dentro>, no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU*”. (Núm. Expte. 2022044467).



Para garantir a correcta execución dos “*Lotes 1 e 2*” dos que estaba composto este contrato, a entidade mercantil UTE CINFO, CONTENIDOS INFORMÁTICOS PERSONALIZADOS, S.L. - RENT A BRAIN CONSULTORES SECTOR PUBLICO, S.L.U., constituíu na Tesourería desta Deputación, as garantías definitivas equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación de ditos contratos, que foron as seguintes:

Empresa	Lotes	Importe	Carta de Pago	Data
UTE CINFO - RENT A BRAIN (A-15757941)	1	2.200,00€	20230002139 8	31/01/202 3
	2	3.300,00€	20230002139 6	31/01/202 3

